Estas son algunhas das recompensas inmateriais que debería buscar a xestión de persoal entendida no seu máis amplo sentido, é dicir, entendida como función que implica a todos aqueles que teñen unha responsabilidade de dirección ou de traballo en equipo e non só ás unidades organizativas de xestión de persoal.

Esta maneira de actuar está frecuentemente esquecida, se cadra porque é a que precisa dunha implicación e unha presenza máis activa dos xefes e directivos. É, daquela, unha actividade moi esixente.

9. CONDICIONANTES ESTRUTURAIS

Todo isto non é sinxelo. Sexamos realistas, necesita dunha transformación importante na función de xestión das retribucións nas administracións, que afectará ao seu modelo de organización, aos modos de xestionar, ás tecnoloxías usadas e aos perfís profesionais.

Non todas as receitas se poden traspoñer nin aterrar sobre todas as realidades posibles, coma se fosen modelos de validez universal útiles para calquera tipo de situacións. Nada máis lonxe da realidade. Moitas veces, unha retribución ligada á produtividade, ao logro dos resultados, ao cumprimento de obxectivos, ou ao desempeño resulta dunha enorme utilidade para orientar as unidades cara ao cumprimento dos seus obxectivos e mellorar a calidade das súas prestacións. Pero outras veces pode non ser o modelo máis adecuado e introducir outra serie de problemas que poden ser maiores que aqueles que pretende corrixir. Pensemos que unha das calidades que debe reunir unha retribución, ben ligada a resultados ou ben ao desempeño, é que sexa percibida como transparente e equitativa, e non sempre o é pola dificultade de medir aqueles resultados ou comportamentos, a dificultade de transmitir, polo tanto, que as apreciacións que se fan son xustas, tamén polo risco de burocratizar en extremo as entrevistas, avaliacións, confección de formularios, etc., ou simplemente porque a organización non ten a capacidade técnica, experiencia, ou cultura necesaria para implantala.

Con isto non quero dicir en absoluto que resulte rexeitable a aplicación desta retribución, senón que non se debe facer en calquera momento e custe o que custar. Por suposto, sempre será mellor poder aplicar unha retribución destas características, pero só cando esteamos seguros de que a podemos aplicar correctamente e de que estamos preparados para facelo. É dicir, que debemos aplicala de modo consciente, de forma prudente e calculada, medindo ben os seus posibles efectos.

As tecnoloxías asociadas á xestión das retribucións ligadas ao desempeño, á carreira ou aos postos de traballo non son fáciles de deseñar e de implantar, sobre todo en administracións de gran tamaño. Requiren adestramento, ensaios reais, e deben estar adaptadas ás

peculiaridades de cada ámbito organizativo. Quer dicir, requírese investimento, tempo, e non poucas doses de paciencia.

Non convén esquecer tampouco os problemas culturais que afectan a todo proceso de cambio e que demandan tamén unha xestión específica do proceso.

Non hai que desprezar as dificultades inherentes á práctica de canto se vén dicindo. Fai falta unha boa dose de realismo, actitude imprescindible para evitar sobresaltos e sorpresas desagradables cando o mundo parece non querer axustarse aos nosos desexos. Afortunadamente, contamos cada vez máis con literatura especializada e con experiencias prácticas en moitos países que nos advirten das dificultades, dos erros e das mellores maneiras de enfrontarse a eles, como en todo proceso de xestión do cambio sucede inevitablemente.

BIBLIOGRAFÍA

- Castillo Blanco, Federico A. 2008. *Los derechos retributivos de los empleados públicos*. Comentarios á Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ferez, Manuel. 2006. *La carrera administrativa: nuevas perspectivas*. Barcelona: Estudios de Relaciones Laborales.
- INAP. 2005. *Informe de la Comisión para el estudio y preparación del Estatuto Básico del Empleado Público*. Abril 2005. Madrid: Estudios Gobierna.
- Longo, Francisco. 2006. *Evaluación y gestión del rendimiento laboral en las Administraciones Públicas*. Madrid.
— 2004. *Mérito y flexibilidad*.
- OCDE. 2005. «The Way Forward»; *Modernising Government*, París.
— 2005b. *Performance-related pay policies for government employees*. París.
— 2004. *Performance-Related Pay of Government employees: Main Trends and impact across OECD Countries*. París.
— 2003. *Senior Civil Service Reform in OECD Member Countries*. París.
- Palomar, Alberto. 1996. *Derecho de la Función Pública. Régimen Jurídico de los Funcionarios Públicos*. Madrid.
— 2007. «Los derechos retributivos de los empleados públicos», en *Estatuto Básico del Empleado Público*.
- Román, Carmen, Miguel Sánchez e Francisco Velázquez. 2004. *Líneas de Reforma del Empleo Público*. Madrid.
- Sánchez Morón, Miguel. 2004. *Derecho de la Función Pública*. Madrid.
- Vall Arnau, Joaquín. 2008. *Los Derechos retributivos*. Comentarios ao Estatuto Básico do Empregado Público.
- Wood, Robert e Verena Marshall (Universidade de Australia Occidental). 1993. *La Evaluación del Rendimiento: Práctica, Problemas y Cuestiones a Debate*. París: OCDE.

VITAL LOBO GARCÍA _Subdirector Xeral de Coordinación Territorial.
Ministerio de Economía e Facenda_[59-64]

O emprego público nas políticas de reforma e modernización desde a transición democrática



Relatorio presentado nas Xornadas
«As Administracións Públicas son Persoas».

Santiago de Compostela, EGAP, 27-28 de novembro do 2008.

É indubidable que no transcurso do xa longo período que se estende desde os inicios da transición política ata os nosos días, a Administración española sufriu distintas transformacións; transformacións derivadas, nuns casos, das propias necesidades de adaptación dos aparatos administrativos ás novas esixencias do Estado de Dereito e do Benestar que iniciaba a súa construción; noutros, pola propia dinámica de desenvolvemento do Estado democrático, como foi o enorme cambio que supuxo para a Administración a posta en marcha do Estado autonómico, en xeral, e en particular para os seus recursos humanos.

Así, se comparamos o ano 1983 co actual atopámonos cunha Administración Estatal que en 1982 dispoñía de 1 357 000 efectivos, mentres que na actualidade presenta 550 136; en sentido oposto, as administracións autonómicas sumaban 107 000 efectivos en 1982 fronte os 1 227 708 actuais; pola súa banda, a Administración Local contaba na devandita data con 232 000 efectivos fronte aos 586 000 actuais.

É dicir, nos últimos 25 anos, e en relación co volume de persoal, a Administración española pasou de ser a maior a ser a máis reducida das administracións territoriais.

A terceira das transformacións que experimentou a Administración española no período analizado —incluíndo o seu emprego público— é a que foi inducida desde os procesos de reforma primeiro e de modernización despois que se viñeron sucedendo ao longo destas datas.

Consonte o programa destas xornadas¹ e o título deste relatorio, é a estes procesos de reforma/modernización aos que me vou referir, moi brevemente respecto ás súas características xerais, máis demoradamente en relación coa función pública.

Neste contexto, e antes que nada, cómpre facer unha breve precisión conceptual acerca dos termos reforma/modernización aplicados á evolución da Administración española.

A diferenciación entre ambos os conceptos non é un feito, ao meu xuízo, que careza de intencionalidade, senón que responde a distintas realidades, tanto cronolóxicas coma finalistas.

Neste sentido, por «reforma» —proceso máis propio da década dos oitenta— veuse entendendo aquelas actuacións e medidas intensas e profundas sobre un determinado ámbito administrativo (organización, persoal, etc.) que resultaba absolutamente necesario abordar e que normalmente se traducían na aprobación dunha norma legal innovadora —rompedora, poderíase dicir— respecto á realidade anterior.

Por «modernización» —concepto máis asociado aos procesos de innovación que tiveron lugar nos anos noventa en determinadas administracións do ámbito da ocde— alúdese máis ben a unha concepción máis integral, gradual, pragmática e sistémica da innovación administrativa, consistente en actuar no tempo sobre unha serie de elementos estratéxicos da organización, cuxa renovación ou modernización se espera que inflúa sobre os restantes, estendendo os seus efectos beneficiosos ao conxunto do aparato administrativo.

No caso da Administración española é posible, aínda a risco de caermos na simplificación, establecer unha cronoloxía destes procesos e identificar, para cada un deles, tanto as materias ou focos de interese sobre os que incidiron como os instrumentos máis característicos que se utilizaron no seu desenvolvemento.

Período	Materias de reforma/ Focos de interese	Instrumento
1977-1983	Organización	Reformas legais
1984	Función Pública	Reformas legais
1990-1995	- Mellora das relacións co cidadán - Revisión integral da organización e dos mecanismos de xestión (orzamentación, servizos comúns, xestión de persoal, directivos, formación, etc.)	- Libro branco - Reformas legais - Experiencias piloto - Accións operativas - Plans de modernización
1997-2004	- Organización - Análise para a mellora dos servizos públicos	- Reformas legais - Libro branco
2004-2006	- Organización - Función Pública - Mellora na prestación de servizos ao cidadán - Administración electrónica	- Reformas legais • Organización • Función pública • Administración electrónica - Desenvolvemento das TIC e revisión dos procedementos e mecanismos de relación cos cidadáns mediante o uso destas.

De acordo coa cronoloxía e cos datos do cadro anterior, estas páxinas vanse referir ao proceso que culminará en 1984 coa aprobación de dúas grandes leis que incidirán profundamente na ordenación e na fisionomía da función pública española: a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e a Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, esta última considerada por algún autor como unha necesaria medida de moralización da función pública, pois era evidente a urxencia de disciplinar a dedicación do empregado público, en primeiro lugar ao servizo público; en segundo, a un só posto de traballo.

En calquera caso, o verdadeiro protagonismo deste proceso de reforma asúmeo a Lei de medidas para a reforma da función pública.

A coñecida, desde aquela, como «lei 30» ou «lei de medidas» responde claramente ao concepto de reforma ao que me refería anteriormente. En efecto, tratouse dunha norma que actuaba sobre un só ámbito administrativo —os seus recursos humanos—, que se declarou provisional —«ata tanto o Goberno elaborase e enviase ás Cortes o estatuto Básico da Función Pública»— pero cuxa aprobación era ineludible, xa que, como se indicaba na súa Exposición de Motivos, «a propia obsolescencia de moitas das normas que rexen a Función Pública, ditadas hai preto de vinte anos, obrigan a abordar, sequera parcialmente, a reforma do réxime funcional». Noutras palabras, o obxectivo era reformar e mellorar o modelo burocrático, actuando nalgúns dos seus puntos estratéxicos, sen pretender con iso configurar un novo sistema de función pública.

Cales eran eses elementos obsoletos do réxime de función pública que a Lei 30/84 pretendía corrixir? Sen entrarmos aquí no debate sobre se esta norma foi ou non anticorporativa, o que si é certo é que a regulación entón vixente —derivada da vella Lei articulada de

funcionarios civís do Estado— xerara unha serie de patoloxías propias dun sistema pechado de función pública, excesivamente focalizado nos corpos, sobre todo os denominados grandes corpos, cunha marcada tendencia á «autoxestión» e a patrimonializar áreas de actuación administrativa.

Non hai que esquecer que, aínda que a Constitución de 1978 resolveu a polémica que xurdiu nos primeiros anos da transición acerca de se se debía manter o réxime funcional ou era mellor substituílo por un réxime laboral de emprego público (o art. 103 previu un réxime estatutario), o certo é que existían reticencias cara ao réxime de función pública por parte de determinadas forzas políticas do momento, ás que non eran alleas unha certa hostilidade cara aos corpos de funcionarios, as oposicións, as castes de funcionarios ou «funcionariato», e a arraigada tradición de ocupar espazos de poder político por parte destes, etc. Xa que logo, era necesario reconducir a situación polo menos a un punto de equilibrio.

A través de que disposicións pretendeu a «lei de medidas» esta reorientación da Función Pública?

En primeiro lugar, facendo unha decidida aposta pola unificación da política de Función Pública, establecéndose, por primeira vez, que todo o persoal, independentemente do corpo ou escala de pertenza, pasaría a depender dun só ministerio: o Ministerio de Presidencia.

Paga a pena deterse no alcance desta medida, pois máis alá do «toque de atención» que supoñía para a vella tradición de asociar Corpo e Ministerio (pénsese nos corpos especiais), o que implicaba era o recoñecemento do carácter estratéxico que ten a política de persoal para todo Goberno que pretenda exercer a competencia que lle corresponde de dirixir a Administración, o que esixe situar a devandita política cerca do máximo nivel decisorio, isto é, a Presidencia do Goberno.

Desafortunadamente, esta medida foi efémera; poucos anos despois estas competencias e as relacionadas coa organización administrativa foron trasladadas ao novo Ministerio de Administracións Públicas, perdéndose este elemento de proximidade co máximo nivel político que, aínda que non os garante, si facilita os procesos reformistas, como nos ensinan experiencias doutras administracións do noso contorno que abordaron procesos de reforma.

Hai outra serie de medidas que se establecen na lei que se podían englobar como medidas de racionalización do sistema de corpos. Quizais a que chama máis a atención foi a de unificación e refundición de corpos e escalas, cuxo número facía simplemente inmanexable calquera xestión de persoal razoable; declaráronse a extinguir máis de cen corpos e escalas; soamente en organismos autónomos se integraron case 900 escalas en 34 deles.

Non menos importante foi a medida que veu romper coa presión patrimonialista que exercían os corpos sobre os postos de traballo ou, o que é o mesmo, sobre as áreas de actuación administrativa, herdanza da lei do 64. A partir deste momento, os postos de traballo, agás excepcións decididas polo Goberno, non se poderán adscribir aos corpos, nin estes poderán ter asignadas funcións propias dos órganos administrativos.

Dentro deste bloque de medidas racionalizadoras do sistema de corpos, quero chamar a atención sobre unha practicamente inédita e que, ao meu xuízo, é importantísima: refírome á que se establecía no art. 22 da lei, que posibilitaba o transvasamento entre funcionarios de distintos corpos. Existe un grave déficit na nosa función pública —por tradición, sistema de acceso, tendencia á «ministerialización» dos corpos, etc.— que provoca que se sexa máis funcionario deste ou aquel corpo (e ministerio) que funcionario do Estado. É necesario romper

algúns dos compartimentos estancos que presenta o noso sistema de corpos. Unha medida como a comentada non soluciona por si mesma o problema, pero axudaría a resolvelo, xunto con outras, tales coma a realización de probas selectivas comúns ou a existencia de períodos compartidos de formación.

A lei introduce outras medidas nun intento de configurar unha carreira administrativa: a clasificación de todos os postos en 30 niveis, de maneira que o desempeño durante certo tempo dun determinado posto lle conferise ao funcionario un grao, e o paso dun grao a outro supuxese unha carreira administrativa. Así e todo, este deseño de carreira pronto puxo de manifesto a súa principal carencia, que era o escaso percorrido que esta tiña: enseguida o funcionario, sobre todo en corpos superiores e técnicos, «esgotaba a carreira», chegaba rápido á meta e aí quedaba, sen maiores incentivos ou motivacións para seguir progresando.

A ordenación de postos de traballo foi outra das reformas da Lei 30/84. Xa a lei do 64 introducira a técnica de clasificación de postos, pero realmente o que se conseguiu eran catálogos de postos sen información engadida sobre retribucións, características dos mesmos, etc.

As RPT (Relacións de Postos de Traballo) da lei 30 son sen dúbida manifestamente mellorables, basicamente no que atinxe á definición das funcións que se deben asociar a cada posto e ás capacidades e perfís dos seus ocupantes, pero, polo menos, achegaron unha certa información orgánica e retributiva dos postos na Administración. En calquera caso, conseguir unha auténtica ordenación dos postos de traballo e revisar o modelo retributivo, moi desvirtuado respecto da súa concepción inicial, sobre todo nos conceptos asociados ao rendemento e á produtividade, son retos que deben abordarse canto antes.

En fin, a fisionomía da nosa actual Función Pública foi debuxada, tanto nos seus trazos grosos coma no seu detalle, pola Lei de medidas para a reforma da Función Pública. O seu mérito é que contribuíu a xerar boa parte da cultura administrativa do funcionario actual, e que durou tanto tempo, a pesar de que naceu con carácter provisional.

Agora ten que tomar a remuda o Estatuto Básico, que mantivo moitos dos valores da Lei de medidas, tomou nota do que cómpre corrixir e incorporou elementos —como por exemplo a avaliación do desempeño— que afunden as súas raíces nesta lei e que, de certo, van contribuír ao logro dunha Función Pública profesional e duns funcionarios con cultura de servizo público, plenamente dedicados a mellorar o benestar dos seus concidadáns.

Notas

¹ Relatorio presentado nas Xornadas *As Administracións Públicas son Persoas*. Santiago de Compostela, EGAP, 27-28 de novembro do 2008.

Servizo civil e gobernabilidade democrática



& *Resumo/Abstract: Aquí preténdese indagar algunhas ideas-forza sobre como podemos avanzar na gobernabilidade democrática a través do fortalecemento institucional da función pública. Para iso, o primeiro paso consiste en investigarmos que problemas de gobernabilidade veu resolver a función pública institucionalizada no que en Occidente se coñece cada vez máis como «Sistema de Mérito». A día de hoxe, o sistema de mérito, na súa forma tradicional de función pública burocrática, atópase sometido a unha serie e en parte fundada contestación doutrinal e política. Pero se non sabemos con precisión que problemas de convivencia social resolvía o sistema burocrático de mérito, corremos o risco de introducirmos reformas intencionadamente modernizadoras pero que acaben por deteriorar efectivamente a nosa gobernabilidade e tecido institucional. O primeiro, pois, será estudar os fundamentos ou bens públicos e xurídicos encarnados no sistema de mérito. Unha vez desenvolvida esta tarefa, poderemos pasar a inventariar os desafíos que hoxe se lle formulan á función pública burocrática tradicional e as respostas ou solucións que se foron avanzando polo novo movemento internacional de modernización administrativa iniciado a partir da crise observable en todas as democracias avanzadas desde mediados da década de 1970.&*

& **Palabras clave:** función pública, gobernabilidade, burocracia, meritocracia, modernización administrativa

1. A FUNCIÓN PÚBLICA COMO INSTITUCIÓN DA GOVERNABILIDADE DEMOCRÁTICA: FUNCIÓN PÚBLICA COMO INSTITUCIÓN E FUNCIÓN PÚBLICA COMO ORGANIZACIÓN

«Governabilidade» é unha expresión cuxa equivocidade aínda é maior que a súa popularidade¹. Como creemos na razón de Bacon cando afirmaba que a verdade brota antes do erro que da confusión, procederemos a expoñer rapidamente o noso entendemento do termo.

A gobernabilidade é un atributo das sociedades, non dos seus gobernos. A gobernabilidade refírese á capacidade dunha determinada sociedade para enfrontar positivamente os desafíos e oportunidades que se lle expoñen nun tempo determinado. Governabilidade non é, pois, estabilidade política², senón creación de condicións para recoñecer e enfrontar colectivamente os retos e oportunidades de cada tempo.

A gobernabilidade non depende, pois, só da capacidade dos Gobernos e dos gobernantes. Ao ser unha calidade da sociedade tamén depende dos valores, as actitudes e os modelos mentais preponderantes na sociedade civil, é dicir, do capital social ou cultura cívica dos individuos e organizacións que a integran. Consecuentemente, un programa de fortalecemento da gobernabilidade será moito máis que un programa de reforma ou modernización do Goberno e afectará ao concepto mesmo de cidadanía. Neste sentido, sinalouse, con razón, que o enfoque «governabilidade» vai máis aló da reinvencción do Goberno, pois esixe reinventar tamén a cidadanía e a propia sociedade civil³.

As afirmacións precedentes serven xa para comprender que, desde a perspectiva da gobernabilidade, a función pública é á vez unha cuestión de Goberno e de sociedade. Non cabe unha función pública moderna nunha sociedade que non o sexa. Os valores constitucionais de imparcialidade, mérito, lealdade, eficiencia e responsabilidade non son valores dos funcionarios, senón da convivencia social. Se a sociedade non os integra na cultura cívica nin os esixe consecuente e eficazmente, a súa deformación está asegurada por máis que se proclamen e garantan formalmente. Se as forzas sociais e a opinión pública non recoñecen a necesidade e o valor social da función pública será moi difícil que esta se «reinvente» a base de pedir aos funcionarios que se superen tirándose dos seus cabelos.

A gobernabilidade pode postularse da sociedade en xeral ou dun sector particular da mesma. Fálase así de gobernabilidade educativa, sanitaria, ambiental, urbana, etc. En todo caso, unha estratexia de fortalecemento da gobernabilidade esixe o xurdimento de liderados capaces de articular unha visión, traducible nunha axenda, apoiada por unha coalición suficientemente ampla, forte e duradeira como para articular e resolver a suma de tensións que se producirán ao producir a reforma estrutural necesaria para responder aos desafíos e ás oportunidades⁴.

O nivel de gobernabilidade dunha sociedade ou dun sector social depende fundamentalmente de dous factores intimamente relacionados: a) a calidade do sistema institucional existente, é dicir, das regras do xogo ou sistema de incentivos e constricións determinantes en gran parte do número de actores e dos seus comportamentos, e b) as capacidades de gober nación dos actores sociais. Algunhas aclaracións adicionais fanse necesarias.

A primeira refírese á necesaria distinción conceptual entre institucións e organizacións⁵, sen a cal é imposible captar a idea mesma e as esixencias de actuación da gobernabilidade democrática. En toda sociedade existen institucións e organizacións. Ambas serven para ordenar a acción individual e colectiva; pero fano de xeito diferente. As institucións son fundamentais para a nosa vida (familia, linguaxe, mercado, propiedade, seguridade xurídica,

seguridade social, función pública...), pero a súa existencia é de orde abstracta, non son cousas tanxibles e concretas. As institucións existen principalmente nas nosas mentes, forman o capital social ou cultura cívica, e non teñen obxectivos específicos, aínda que cumpren importantes funcións sociais e facilitan o marco para que os individuos e as organizacións persigan os seus obxectivos específicos. As institucións son sistemas de normas ou regras do xogo que pautan as expectativas e comportamentos dos individuos e das organizacións. As institucións son fundamentais porque establecen o marco de constricións e de incentivos da acción individual e organizativa, fan razoablemente previsibles os comportamentos e permiten formular expectativas sensatas. Unha sociedade con institucións sas procura seguridade, facilita os intercambios económicos e de todo tipo, diminúe os custos de transacción, incentiva a economía produtiva e fomenta a participación política e a integración social⁶.

As institucións non se crean nin se cambian por decreto, plan ou deseño. Podemos influír na súa evolución, pero a condición de recoñecer a súa natureza de produtos do proceso de evolución social e non de ningunha configuración mental previa. Aquí radica outra diferenza fundamental entre as institucións e as organizacións. Estas últimas son tamén «ordes», pero ordes dirixidas ao comportamento de individuos específicos, creados para a consecución de fins ou obxectivos específicos, e susceptibles de ser predeseñados e alterados por planificación. É fácil comprender a distinción existente entre a institución familiar e a organización de cada familia. Tamén é posible comprender a distinción entre a función pública como institución e a función pública como organización.

Para iso convén dar un paso máis e establecer a relación entre as institucións e outros conceptos que viñemos utilizando tales como os de cultura cívica e capital social. As institucións non son só as institucións xurídicas, o Dereito vixente. As institucións son formais e informais. Sempre hai un grao de informalidade inevitable, que serve tanto para completar e adaptar a institucionalidade formal como para dar expresión a actores e problemas que non teñen cabida na formalidade e practican ou propugnan institucionalidades alternativas⁷. É a consideración das institucións informais a que nos permite captar a conexión íntima ou, mellor, a inclusión no concepto de institución dos conceptos da cultura cívica ou o capital social⁸.

Podemos xa agora proceder a distinguir entre a función pública como institución e a función pública como organización. Como institución, a función pública é o conxunto de valores, principios e normas —formais e informais— que pautan o acceso, a promoción, a retribución, a responsabilidade, o comportamento xeral, as relacións coa dirección política e cos cidadáns e, en xeral, todos os aspectos da vida funcional considerados socialmente relevantes. A función pública é, desde logo, unha institución xurídica; pero a súa institucionalidade non se esgota no xurídico formal. Existe tamén unha institucionalidade informal integrada polos modelos mentais e as expectativas que os funcionarios e os cidadáns teñen acerca do que constitúe o comportamento adaptativo na función pública. Estas regras informais do xogo son fundamentais para captar propiamente unha institución. Seguir descoñecéndoa, por esgotar o institucional no xurídico, é pecharse á evidencia e, sobre todo, incapacitarse para entender as dificultades de aplicación efectiva de tantos esquemas xurídico-formais⁹.

A función pública como organización é un concepto completamente diferente: refírese á suma de «recursos humanos» concretos postos ao servizo dunha ou do conxunto das organizacións público-administrativas. Esta suma de «persoas» concretas opera dentro do marco institucional da función pública; pero atópase ordenado para obter os resultados específicos da

súa organización. En realidade, os funcionarios e empregados públicos están sometidos a dúas ordes normativas: (a) por unha banda, á orde xurídica-institucional, verdadeiro *ius cogens*, determinante, xunto á orde institucional informal, do sistema de constricións e incentivos, e (b) por outro, á orde organizacional, determinada polos «mandatos organizativos», procedentes da autoridade responsable da eficacia e a eficiencia da organización e investida da potestade autoorganizatoria, así como pola cultura administrativa específica de cada organización.

En realidade, as normas institucionais e as normas organizativas da función pública teñen natureza enteiramente diferente. As primeiras non só son indispoñibles, senón que gozan dunha estabilidade e mesmo rixidez importante. Só o Legislativo pode proceder ao seu cambio e no marco sempre dos parámetros constitucionais. Polo demais, a marxe de cambio do lexislador límitase aos aspectos formais: sobre os aspectos institucionais informais pódese influír, pero en absoluto prever nin o resultado nin a velocidade do cambio, dada a complexidade inmanipulable de factores da que este depende.

Contrariamente, as normas organizativas da función pública teñen natureza «instrumental»; son «disposicións» orientadas á máis eficaz e eficiente consecución dos obxectivos da organización administrativa correspondente. Mentres as normas institucionais da función pública garanten valores e principios de convivencia social ás veces incluídos na propia Constitución, as normas organizativas son normas de disposición e xestión instrumental de «recursos» (humanos) para a consecución dos fins da organización. O ben xurídico protexido por unhas e outras é completamente diferente. A autoridade que pode producilas tamén. O procedemento para a súa produción e modificación tamén. As consecuencias da súa infracción tamén. Igualmente é diferente o tipo de coñecemento necesario para articular razoablemente estas normas: o Dereito, a Ciencia política e a Economía son relevantes para as normas institucionais; o *management* é a racionalidade central das normas organizativas¹⁰.

O propósito deste traballo non nos permite profundar na distinción apuntada. Si nos esixe resaltar as esixencias expostas polo cambio institucional da función pública. Este, como todo cambio institucional, implica non só cambios legislativos senón tamén no capital social ou cultura cívica referidos a este sector. Nada disto pode facerse por mero cambio planificado, por decreto¹¹. Contrariamente, o cambio institucional só poderá vir do cálculo racional dos actores (partidos políticos, gobernos, sindicatos, grupos de funcionarios, opinión experta e opinión pública) que conduza a un consenso suficiente para producir unha alteración das regras do xogo e dos modelos mentais e valorativos que as subxacen. Sabemos xa o suficiente sobre como se produce o cambio institucional para recoñecer a necesidade e insuficiencia tanto da «vontade política» como da disposición de modelos institucionais alternativos e obxectivamente superiores¹².

Aquí preténdese indagar algunhas ideas-forza sobre como podemos avanzar na gobernabilidade democrática a través do fortalecemento institucional da función pública. Para iso, o primeiro paso consiste en investigar que problemas de gobernabilidade veu resolvendo a función pública institucionalizada no que en Occidente se coñece cada vez máis como «Sistema de Mérito». Hoxe día, o sistema de mérito, na súa forma tradicional de función pública burocrática, atópase sometido a unha seria e en parte fundada contestación doutrinal e política. Pero se non sabemos con precisión que problemas de convivencia social resolvía o sistema burocrático de mérito, corremos o risco de introducir reformas intencionadamente modernizadoras pero que acaben deteriorando efectivamente a nosa gobernabilidade e tecido institucional. Algo disto veu sucedendo. O primeiro, pois, será estudar os fundamentos ou bens

públicos e xurídicos encarnados no sistema de mérito¹³. Unha vez desenvolvida esta tarefa, poderemos pasar a inventariar os desafíos que hoxe se lle presentan á función pública burocrática tradicional e as respostas ou solucións que se foron avanzando polo novo movemento internacional de modernización administrativa iniciado a partir da crise observable en todas as democracias avanzadas desde mediados dos 70.

2. OS FUNDAMENTOS INSTITUCIONAIS DO SISTEMA DE PADROADO OU CLIENTELACIÓN POLÍTICA DO EMPREGO PÚBLICO

Persoal ou recursos humanos ordenados polo poder político para a realización dos seus fins, é dicir, función pública como organización, existiu sempre. Pero a función pública como institución ou, mellor, a garantía constitucional dunha orde abstracta e necesaria, que se impón á acción organizadora dos recursos humanos, é unha creación evolutiva do constitucionalismo moderno, fortemente asociado á orde liberal do mercado. A función pública como institución é unha creación do constituínte, é dicir, da sociedade civil no seu proceso de aprendizaxe e de construción do consenso constitucional¹⁴.

A institucionalización da función pública na súa forma moderna de sistema de mérito é un dato observable en todas as economías de mercado con éxito e en ningunha das economías planificadas ou de substitución de importacións, con independencia da natureza autoritaria ou democrática dunhas e outras¹⁵. O sistema de mérito preséntase como unha institución clave do valor económico e social fundamental que é a seguridade xurídica¹⁶. Preguntarnos polo fundamento da función pública institucionalizada no sistema de mérito equivale a indagar cales son as funcións sociais (desde a perspectiva sociolóxica), os bens xurídicos (desde a perspectiva xurídica) ou os bens económicos (desde a perspectiva económica) procurados por esta particular institución. O conxunto de valores, principios e normas que integran o sistema de mérito institucionalizáronse non pola súa beleza intrínseca senón porque resoven problemas inherentes á ordenación da acción colectiva, que é necesario clarificar.

O sistema de mérito non é unha institucionalidade cristalizada. Como toda institución, é unha entidade vivente filla dun proceso histórico de aprendizaxe social incesante, que vai producindo a súa adaptación permanente, tanto por vías formais como informais. Obviamente, cada país seguiu o seu propio curso histórico e construíu a súa función pública específica. Pero é lexítimo abstraer unhas características comúns a todas as funcións públicas das democracias avanzadas, integrantes dun modelo ou tipo ideal de sistema de mérito. Dispoñemos de diversas descrições destes modelos, suficientemente coincidentes para resultar operativas¹⁷.

Vivimos tempos nos que é frecuente oír que os arranxos institucionais característicos do sistema de mérito socavan os incentivos da eficiencia, a responsabilidade e a receptividade administrativa. Pero se é así, por que se atopan tan estendidos e perduran con tanta forza? Só polos intereses creados? É difícil crer que unha institución tan común e persistente nos países avanzados como inexistente ou deficiente nos que non o son resulte un modo ineficiente de resolver problemas. Non será que os problemas que o constituínte e o lexislador pretenderon que resolverse a institución están mal identificados? (Horn: 1995, 95). O que nos fai falta saber é para que ten que ser eficiente a función pública e ante quen debe ser responsable e receptiva. Se en lugar de considerar que o sistema de mérito se xustifica por si mesmo, indagamos a función social que realmente o xustifica, quizais podamos desfacer algúns equívocos e atopar o criterio material de separación entre función pública e emprego público¹⁸.

A fundamentación tópica do sistema de mérito comprende os pasos seguintes: (a) Todos os cidadáns son formalmente iguais fronte ao acceso aos cargos e empregos públicos, non sendo constitucionalmente admisible ningunha discriminación que non se ache fundada no mérito esixible para o bo desempeño daqueles¹⁹; (b) A igualdade de acceso non implica necesariamente o acceso por mérito: o sistema de «padroado», instaurado de modo xeral ao comezo do Estado constitucional, entendeuse compatible co principio de igualdade; (c) Aínda que a clase política tende naturalmente ao sistema de padroado, como este propende á incompetencia, ineficiencia e corrupción, ten que xurdir unha presión da opinión pública que obriga aos políticos a instaurar o sistema de mérito (aínda que tal instauración se produza de xeito incremental, é dicir, mediante un tempo longo de convivencia desigual de ambos os sistemas)²⁰.

En síntese, o sistema de mérito nacería como consecuencia dunha sostida presión intelectual e social para remediar os excesos dos partidos políticos. É a tendencia que se atribúe a estes a administrar os cargos e empregos públicos como un botín electoral o que produce perda de competencia profesional, ineficacia e ineficiencia, predominio da lealdade partidista sobre o servizo aos intereses xerais e, ao cabo, corrupción e deslexitimación do sistema político-administrativo. É coma se unha coalición informal e sostida composta, por unha banda, polos funcionarios de mérito (supostamente profesionais, competentes, imparciais, receptivos ao interese xeral e responsables) e polos seus intelectuais orgánicos (normalmente profesores-funcionarios, supostamente só ao servizo da ciencia e do interese xeral), e, por outro, pola opinión pública coa súa presión electoral, tivese que vencer a permanente resistencia dos «políticos» (por máis méritos democráticos que acumulen) ao faccionalismo e a converter a administración en botín persoal e de partido. Esta distribución dos roles de heroes e viláns non axuda en absoluto nin a comprender as cousas nin a superalas. Polo demais, non se corresponde nin coa investigación histórica nin coa análise económica e política máis recente e fundada do sistema de mérito.

En primeiro lugar, convén revisar a concepción do sistema do padroado ou confianza política, separalo debidamente da súa patoloxía ou sistema de refugallos, e penetrarnos non só nas verdadeiras razóns polas que foi progresivamente substituído polo sistema de mérito, senón tamén no descubrimento dos actores que produciron este cambio institucional. Este exercicio debería permitirnos: (a) comprender que tanto o sistema de mérito ou función pública moderna como o padroado ou sistema de confianza política son institucións que resoven problemas importantes da acción colectiva e que posúen por iso garantía constitucional, tal como Morell se encargou de resaltar entre nós; (b) que entre a zona política pura representada polos políticos electos (e o persoal eventual que non é un recurso profesional da Administración senón das persoas ás que están afectos) e a zona de mérito pura representada polos profesionais da Administración debe existir a zona que Simon Nora chamaba de interfase entre política e administración representada por altos cargos e directivos públicos, nos que confianza política e mérito deben mesturarse en proporcións diferentes en función ao seu maior ou menor participación na formulación ou posta en funcionamento estratéxica das políticas públicas, na liña tamén sinalada entre nós por Jiménez Asensio; (c) que o sistema de mérito para ser eficiente, responsable e receptivo non debe traducirse nun modelo uniforme construído a partir do seu modelo máis clásico, que é o tipo-ideal weberiano, senón nunha diversidade de réximes (o weberiano entre eles), en función do contido substantivo da tarefa administrativa que se trate de desenvolver en cada caso²¹.

Para empezar, o padroado ou sistema de confianza política non foi unha institución tan perversa como os seus detractores se empeñan en denunciar²². Funcionou razoablemente ben e con apoio popular considerable ao longo de case todo o século XIX, ao final do cal o cambio nas condicións ao que despois nos referimos fixérono dexenerar no sistema de despois e provocaron a súa substitución polo sistema de mérito. O padroado foi unha primeira resposta ao problema de organización colectiva brillantemente formulado nos Papeis do Federalista: «o propósito de toda constitución política é, ou debería ser, primeiro conseguir que gobernen os homes que posúan maior sabedoría para discernir e maior virtude para perseguir o ben común da sociedade; e, en segundo lugar, tomar as precaucións máis efectivas para que se manteñan virtuosos mentres deteñan a confianza pública neles depositada».

A primeira solución dada a este problema institucional nos Estados Unidos consistiu en confiar os cargos públicos ás persoas preparadas, que eran poucas e procedentes da clase terratenente e da alta burguesía comercial do leste. Pero o sistema non funcionou nunha sociedade de crecemento e dinamismo trepidante con cidades e fronteiras en permanente expansión, baixo a presión dos emigrantes, que constituían o 50 por 100 da poboación de modo estable. O goberno e a burocracia competente dos *gentlemen* non respondía ás expectativas e demandas sociais. Os partidos políticos nacentes rexeitaron o sistema e pugnaron pola súa substitución polo de padroado. O establecemento do padroado adoita fixarse en 1828 coa vitoria do presidente Andrew Jackson, cuxa campaña xirou sobre a necesidade de dar representatividade ao Goberno e facer accesibles os empregos públicos ao *commonman*.

Se o padroado foi unha institución con forte apoio popular e que axudou ao desenvolvemento económico e social ata a Guerra Civil débese a que, aínda que rebaixou os niveis de competencia profesional, obxectividade e seguridade xurídica, estes non eran os valores económicos e sociais fundamentais do tempo (o sistema económico estadounidense non era aínda un mercado integrado, as externalidades económicas eran limitadas, a intervención regulatoria escasa e os investimentos privados en capital fixo non eran cuantiosos). En contraste, procurou compromiso, dedicación, receptividade e responsabilidade. Só os que se destacaron pola súa entrega, entusiasmo e acerto ao servizo do partido cualificaban para ser designados empregados públicos. A cualificación instrumentábase a través dun complexo sistema de comités e asembleas territoriais de cada partido político. Unha vez no emprego, o patrocinado debía observar a mesma entrega ao servizo dos seus cidadáns-clientes coa finalidade de obter o seu voto para o partido. O padroado reforzou as maquinarias locais dos partidos e integrounas coa política federal, axudou a orientar aos inmigrantes mediante o coidado e atención persoal dos mesmos, prestados en horarios incansables, integrou nos partidos e na vida colectiva do país aos representantes dos inmigrantes, axudou á convivencia multicultural e permitiu que o presidente puidese realizar co Congreso acordos necesarios para o impulso das súas políticas (Klingner e Nalbandian: 1985, 31).

3. A CRISE DO PADROADO E A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DO SISTEMA DE MÉRITO

Pero se a institución do padroado non foi unha perversión histórica ou unha especie de paréntese da razón que levaba innata a semente da súa propia destrución, debemos preguntarnos por que fracasou, que é o que o conduciu a degradarse no sistema de refugallo, é dicir, na ineficiencia, irresponsabilidade e corrupción xustamente denunciadas (Ingraham: 1995, 43). Hai acordo en que o padroado funcionou relativamente ben ata a Guerra Civil. A

partir de entón, explotaron dous feitos que derrubaron a armazón institucional do padroado: unha fortísima expansión económica e unha non menos forte expansión dos servizos e dos empregos públicos²³. Ambos os datos correspóndense co inicio dun proceso importantísimo de cambio na natureza dos partidos políticos²⁴. Todo iso constitúe o que na linguaxe de North (1991, 72) se denomina «factores do cambio institucional». Pero os factores do cambio institucional por si mesmos non determinan os cambios: é necesario que unha coalición suficiente de actores chegue á conclusión de que o investimento en cambio institucional vai quedar amplamente compensada polos beneficios derivados dos novos arranxos institucionais (no noso caso, o sistema de mérito). Como chegaron os políticos e os grupos de interese a tal conclusión?

Calquera deseño institucional do emprego público debe resolver adecuadamente, entre outros, o problema derivado da relación ou contrato de axencia (en sentido económico e non estritamente xurídico) entre o principal (os políticos elixidos) e o axente (os empregados públicos). Un bo deseño debe conseguir que os axentes desenvolvan leal e eficientemente as políticas e a lexislación procedente do principal (lexisladores e poder executivo). Pero a institución do padroado resolveu ben o problema de axencia mentres o número de empregos públicos foi limitado. Ata entón os custos de selección e monitoreo que os lexisladores e o presidente debían soportar eran asumibles e sobradamente compensados coa dedicación, compromiso e responsabilidade dos empregados. Pero a medida que se foi agrandando o emprego público, os custos de negociación, «filtrado» e monitoreo dos empregos de padroado incrementáronse drasticamente²⁵.

De feito, a maioría dos empregos públicos quedaron fóra da posibilidade de monitoreo efectivo. Presidente e lexisladores comezaron a delegar noutros a responsabilidade de administrar o sistema de padroado; pero isto só agravou os problemas de axencia: cada vez facíase maior a marxe para que os empregados perseguisen os seus propios intereses e axendas (ou os do seu partido local), ás veces en contradición cun contrato de axencia cada vez máis impreciso e peor monitoreado. Nestas condicións, o potencial de comportamento oportunista agrandábase e o compromiso e dedicación dos empregados públicos dirixíase cada vez máis cara aos seus fins persoais: a corrupción, a ineficiencia e a falta de receptividade xurdiron inevitablemente; os empregados de padroado comezaron a percibirse socialmente como unha nova elite partitocrática incompetente e nada receptiva, tan distante do commonman como a elite de gentlemen á que substituíra décadas antes. Presidente e lexisladores comezaron a percibir o arranxo institucional do padroado como unha orixe máis de prexuízos que de beneficios electorais²⁶. Nada máis lóxico, pois, que os propios políticos, ante a imposibilidade do monitoreo persoal, tendesen a substituír progresivamente as normas contractuais da relación de axencia por normas institucionais e organizativas determinantes dos dereitos, deberes e responsabilidades dos empregados.

Pero o feito de que falle a relación ou contrato de axencia non explica por si só a aparición do sistema de mérito. Existen numerosos países —a maioría dos nosos irmáns latinoamericanos entre eles— nos que xa hai moitos anos que funciona defectuosamente o monitoreo e, con todo, non se decide crear o sistema de mérito. É outra a razón que explica a crise do padroado e a súa substitución polo sistema de mérito. Tal razón atópase nos grandes cambios económicos producidos a partir da Guerra Civil norteamericana. Con anterioridade á mesma, os gobernos apenas interviñeran na economía: as regras do xogo dos intercambios económicos eran regras meramente entre particulares; conseguintemente, a

- ¹⁰ O tema da xuridicidade das normas de organización é unha *vexata questio*, que se quixo resolver de modo rápido e simplón: «a doutrina de Santi Romano... determina igualmente a intrínseca e radical xuridicidade daquelas normas non directamente xustificables, xuridicidade que se establece en base á súa inserción no ordenamento xeral, independentemente de que esas mesmas normas poidan servir ou non de apoio a unha pretensión concreta e singular» (S.Martín Retortillo: 1963, 76). Esta posición fundamentaba a pretensión de regulación polo Dereito de «toda» a orde normativa dunha organización. Deste xeito, nada do organizativo escapaba potencialmente ao xurídico e reforzábase a idea da organización como simple criatura legal e da xestión como mera aplicación de normas xurídicas. Unha extensa crítica desta posición, así como a súa fundamentación no estudo da doutrina alemá, italiana, e dunha parte da doutrina española (García Trevijano, Garrido Falla e Villar Palasi) que nunca a compartiron, pode verse en Prats, 1973, tomo 3, páxs. 661 e ss. e 794 e ss.

¹¹ Este foi un dos grandes temas de Crozier, quen ao longo da súa dilatada e fecunda carreira intelectual veu insistindo na necesidade de superar o modelo mental dende o que as elites político-administrativas francesas viñeron expoñendo o cambio social. Os seus supostos intelectuais son perfectamente asimilables dende unha aproximación neoinstitucionalista. O seu punto de partida é que a vantaxe comparativa dos Estados Unidos en relación a Europa e especialmente a Francia procede non da súa superioridade económica senón da superioridade do seu sistema institucional e dos correspondentes modelos mentais que o sosteñen. Nun mundo de complexidade, diversidade, dinamismo, pluralismo e autonomía de actores sociais, o método de planificación, dedutivo e instrumental, resulta inapropiado e ineficiente. Crozier insistiu na súa substitución por outro que saliente a experimentación, o diálogo, a aprendizaxe e o cambio incremental. Para iso os actores (organizacións) e os seus dirixentes deberan tomar en conta o sistema no que actúan (o marco institucional) e as esixencias do seu cambio, que non pode ser senón incremental, froito de transaccións entre o conxunto de actores e que debe conducirse mediante a acción e o razoamento estratéxicos, claramente opostos ás ilusións sinópticas da planificación (Crozier: 1977; 1981; 1995).

¹² «As fontes de onde procede a demanda de cambio institucional son complexas. Basicamente son os cambios nos prezos relativos e os cambios nas preferencias sociais. Producido un cambio significativo nalgún destes factores, os actores sociais que se sentan ameazados polo cambio tratarán de impoñer unha lectura do mesmo compatible co mantemento de *status quo*, dramatizarán os custos e minimizarán os beneficios esperables do cambio institucional. Unha demanda efectiva de cambio institucional só se articulará se un número suficiente de actores sociais comparten a percepción non só de que poden perder considerables beneficios potenciais, senón sobre todo de que van ver seriamente deteriorados os seus beneficios actuais (ou seriamente diminuídos os seus custos) de permanecer no *status quo*. No entanto, o cambio non se producirá se os actores perciben a situación como de «equilibrio institucional», é dicir, se, á vista da forza de cada actor social relevante e dos arranxos institucionais existentes, acaban concluíndo que ningún vai obter vantaxes claras dun investimento (sempre custoso) en cambio institucional.

Pola contra, o cambio institucional ocorrerá cando un cambio nos prezos relativos ou nas ideas conduza a unha ou a ambas as partes dun intercambio á percepción de que poden capturar maiores beneficios cambiando os termos do contrato. Intentarase entón renegociar o contrato; pero como o contrato está inserido nunha xerarquía de regras, a renegociación non será posible sen renegociar á vez estas regras (ou violando algunha norma de comportamento). En tal caso, a parte que espera mellorar a súa posición de negociación, para conseguilo terá que investir recursos no cambio do marco institucional dos seus contratos. Nestes casos, o cambio nos prezos ou nas percepcións acabará producindo a erosión das regras ou institucións viventes e a súa posterior substitución por outras» (North: 1990, 97 e ss.).

¹³ A exposición que segue está fundamentalmente inspirada no traballo de Johnson e Libecap (1994) e de Horn (1995), os cales adoptan unha aproximación de «elección pública» (*public choice*) para explicar o fundamento dos trazos institucionais do sistema de mérito, observable practicamente en todos os países desenvolvidos, en ningún dos non desenvolvidos e considerado hoxe unha condición institucional do desenvolvemento, sobre todo a partir a experiencia dos «tigres asiáticos» (Horn: 1995; Banco Mundial: 1995). En especial, a obra de Horn, aínda que baseada en datos e literatura fundamentalmente angloamericana, pretende ter validez explicativa respecto do conxunto de países nos que se dá efectivamente o sistema de mérito. Serve tamén para orientar as transformacións da función pública en países en vías de desenvolvemento, nos cales a construción do sistema de mérito debería ter prioridade sobre as políticas de modernización instrumental sen sistema de mérito (que son as que hoxe se están principalmente ofrecendo dende a cooperación e a consultoría internacional). Esta actitude é tanto máis de agradecer en tanto que Horn é ministro de Facenda de Nova Zelandia, un pequeno país que se está facendo famoso no mundo polas súas exportacións de kiwis e de «reformas» instrumentais. Polo demais, é compartida polos estudosos máis recoñecidos do movemento actual de modernización administrativa: «Para os países en desenvolvemento e en transición a economías de mercado, as medidas de modernización rexistradas nos países industrializados son problemáticas. En Estados Unidos e Europa as burocracias están buscando formas de resultar máis emprendedoras, máis flexibles e menos constrictivas, sen perder nada dos valores tradicionais do servizo civil. Pero os gobernos dos países en desenvolvemento enfrontan desafíos diferentes. O problema para moitos destes gobernos é como crear as burocracias weberianas reguladas normativamente, as cales están sendo substituídas ou reformadas nos países avanzados... (En particular) a inconsistencia e redundancia producidas pola aplicación do modelo de mercado á xestión pública, que xa é bastante deteriorante nos países avanzados, pode resultar particularmente indesexable nos países en desenvolvemento, aos que tratan de exportalo como última moda os consultores e os organismos internacionais» (Peters: 1996, 8 e 42).

¹⁴ A garantía constitucional da función pública como institución, aínda que expresada en termos diferentes (en razón da maior ou menor precisión dos principios constitucionais ou da función constitucionalmente asignada á Lei ou ao regulamento na conformación do réxime estatutario), é común a todos os países da Unión Europea. En ningún deles a condición de funcionario cobre a totalidade do universo do emprego público. En todos eles, os funcionarios están excluídos do mercado de traballo e sometidos a un réxime estatutario (Ziller: 1988, 15 e ss.).

¹⁵ O Banco Mundial explorou os fundamentos do desenvolvemento económico sostido no Leste asiático. Un deles foi claramente a construción dun servizo civil baseado no sistema de mérito. Na versión española dun informe mundialmente famoso sobre o tema (1993: 17-18) pode lerse: «Para abordar os problemas de coordinación, as autoridades necesitaban institucións e mecanismos que permitisen asegurar aos grupos de interese que cada un se beneficiaría do crecemento. O primeiro paso consistiu en contratar tecnócratas idóneos e relativamente honrados e illalos dos afáns políticos cotiáns. O grao de poder destas tecnocracias variou considerablemente. En Corea, Singapur, Xapón e Taiwan as burocracias ben organizadas exercen un poder considerable... Como lograron fomentar burocracias eficaces os países do nordeste asiático? Ademais de aproveitar o prestixio que tradicionalmente teñen os empregados públicos, estes gobernos utilizaron numerosos mecanismos para aumentar o interese en seguir unha carreira na administración pública, elevando así o nivel de competencia e mellorando o acervo de candidatos. Os principios xerais son: (1) a remuneración, que inclúe os soldos, os beneficios e o prestixio, debe ser competitiva co sector privado; (2) a contratación e os ascensos deben basearse nos méritos e ser sumamente competitivos, e (3) os que chegan a escala máxima deben ser xenerosamente remunerados...

En moitos destes oito países o funcionario público pode esperar unha pensión de xubilación, que é un beneficio do que normalmente non goza o sector privado, salvo nas grandes empresas. No Xapón e noutros destes países, a xubilación teñen lugar temperán e as recompensas para un burócrata que tivo éxito son considerables, e esténdense máis aló do soldo, os beneficios e o prestixio para incluír un emprego lucrativo nunha empresa pública ou privada, ou ás veces a elección a un cargo político. O que deben facer os gobernos é atopar unha combinación que atraia persoas idóneas á administración pública.

As burocracias eficaces permitiron ás autoridades dos oito países asiáticos de gran crecemento económico establecer estruturas xurídicas e regulamentarias xeralmente propicias para o investimento privado. Ademais diso, os oito países melloraron as comunicacións entre o sector empresarial e o goberno... Corea, Xapón, Malaisia e Singapur estableceron foros, que denominamos consellos de deliberación, para fomentar a colaboración entre o goberno e o sector empresarial. A diferenza dos grupos de presión, que actúan baixo normas pouco claras e para obter vantaxes secretas sobre os demais, os consellos de deliberación sentaron con máis claridade as regras do xogo para todos os participantes...

Debido a que o sector privado participaba na redacción dos regulamentos e a que o proceso era transparente para todos os participantes, os grupos do sector privado mostráronse máis dispostos a tomar parte nos plans de desenvolvemento do goberno. Un efecto secundario foi a tendencia a reducir os recursos privados asignados a actividades antieconómicas —cuxo obxectivo era a captación de rendas— en lugar de destinarse a actividades produtivas. Os consellos de deliberación facilitaron tamén o intercambio de información e a construción de confianza entre o sector privado e o goberno, entre as empresas e entre a administración e os traballadores. Nesa forma, os consellos complementaron a función de transmisión de información cumprida polo mercado, permitindo aos oito países reaccionar con máis rapidez que outros aos cambios ocorridos no mercado».

¹⁶ O razoamento da seguridade xurídica como precondition do desenvolvemento económico sostido nun contexto de mercado pode atoparse en North dende a lóxica dos custos de transacción (1990, capítulos 4 a 8 *in totum*); tamén nos espléndidos traballos de Mancur Olson sobre a correspondencia entre crecemento económico e democracia liberal (1991 e 1993). Dende a perspectiva da Economía e o Dereito tamén foi desenvolvido por Posner (1992: 256 e ss.). Dende un punto de vista estritamente empírico a mesma conclusión foi remachada por Barro (1995:23) ao subliñar que se occidente quere axudar ao desenvolvemento debería facelo máis mediante a exportación do seu sistema de seguridade xurídica que do seu sistema político-democrático.

¹⁷ As condicións de emprego dos burócratas variaron no tempo e non son idénticas en todos os países. Enfocaremos a descrición das implicacións das condicións creadas polos sistemas modernos de servizo civil, establecidos pola lexislación que introduciu os exames competitivos, ou o «mérito», como base para a selección. Estes foron substituíndo gradualmente ao «padroado» e introducindo moitos dos trazos que Weber (1922/1962) describiu como definidores da posición do funcionario nas burocracias modernas. O sistema de mérito caracterízase por nomeamentos en base a exames competitivos, pola imposición de restricións á mobilidade arbitraria e pola garantía e a esixencia de neutralidade política, todo iso asegurado por un corpo regulatorio independente (a Comisión do Servizo Civil ou equivalente). Os sistemas modernos de servizo civil comparten outras características en maior ou menor grao: as posicións son establecidas centralmente e clasificadas por graos; o salario e a pensión pagados aos burócratas veñen determinados polo seu grao ou rango máis que polo traballo que efectivamente realizan, e, a miúdo, existen algúns impedimentos para a entrada lateral ao servizo dende o exterior nos chanzos superiores. Tende a haber poucos «portos de entrada»; a maioría dos funcionarios entran nos graos máis baixos e proseguen a súa carreira dentro do servizo; practicamente case todas as posicións superiores son provistas por promoción...» (Horn: 95, 97). A descrición é perfectamente englobable no entendemento corrente dos principios tradicionais da función pública da Lei Fundamental de Bonn (M.J. Montoro: 1986, 39 e ss.). Unha excelente e sintética exposición dos principios básicos do sistema de mérito coas súas variantes nos diversos países occidentais pode verse en Guy Peters (1996, 4 e ss.).

¹⁸ Un caso particularmente grave de equívoco e confusión foi a extensión en España do réxime de incompatibilidades non só aos funcionarios senón a todos os empregados públicos (Leis 20/1982, de 9 de xuño, primeiro, e 53/1984, de 26 de decembro, despois). O noso Tribunal Constitucional (Sentenza 178/1989, de 2 de novembro) validou a Lei 53/1984 declarando que, aínda que as incompatibilidades eran un réxime constitucionalmente previsto só para os funcionarios, iso non é óbice para que o lexislador poida estender este réxime tamén aos contratados laborais da Administración, porque «a fundamentación constitucional do réxime legal de incompatibilidades aplicables aos mesmos... non está no artigo 103.3 da Carta fundamental, senón no artigo 103.1 do mesmo texto, que ao referirse aos principios que deben presidir a actividade —e a organización establecida para levala a cabo—, entre os que se atopa o de eficacia, alude só á Administración Pública e non ao réxime xurídico que rexe as relacións de quen están ao seu servizo». Deste xeito, para o noso Tribunal Constitucional, o réxime de incompatibilidades non só protexe o ben xurídico da imparcialidade dos funcionarios, senón que «pode» protexer tamén o ben xurídico da eficacia da Administración, o cal alcanza por igual a funcionarios e demais empregados públicos. O que equivale a dicir que o noso Dereito laboral (a través dos seus mecanismos típicos de prohibición de concorrencia desleal e pacto de dedicación) non dispón de resortes para garantir a eficacia das organizacións produtivas. Para que a nosa xurisprudencia constitucional non desvirtuase o sentido das institucións tería que razoar que esixencia de eficacia hai na Administración Pública que non haxa nas empresas privadas que autorice nas primeiras a aplicar un réxime —as incompatibilidades— que non só non parece necesario nas segundas, senón que constitúe unha clara restrición da liberdade de traballo (Godino: 1996, 289 e ss.).

Necesitamos saber cal é o fundamento preciso do sistema burocrático de mérito, entre outras razóns, para saír ao paso da confusión inquietante entre función pública ou sistema de mérito e emprego público. Se chegamos a acordar cal é o ben ou bens xurídicos que o sistema de mérito procura, obteremos criterios para saber se o réxime estatutario funcional debe cubrir a totalidade ou só unha parte, e que parte, do universo do emprego público. Isto non significa que o emprego público non funcional ou burocrático quede remitido sen máis ao dereito do Traballo e con el ao temido *spoils system*. Haberá que explorar que bens xurídicos están en xogo no emprego non funcional e deducir diso as consecuencias de réxime xurídico que sexan coherentes. Deste xeito quizais avancemos na superación doutra expresión equívoca da nosa doutrina e xurisprudencia constitucional, a saber «a opción xenérica da Constitución (arts. 103.3 e 149.1.18) en favor dun réxime estatutario para os servidores públicos» (STC 99/1987, de 11 de xuño). A nosa Constitución limitouse a garantir institucionalmente o réxime estatutario, e para censurar a inconstitucionalidade dunha deslegalización que autorizaba a un Ministerio a decidir que postos de traballo se reservaban a funcionarios, non era necesario facer un pronunciamiento como o que esta escrito entre comiñas. En cambio axudou moito máis ao lexislador se se expresou algún criterio preciso sobre o que levar a cabo a delimitación das posicións funcionais e laborais. Atribuír aos constituintes unha «opción xenérica» sen expoñer o fundamento material da devandita opción equivale a atribuírlles unha decisión arbitraria, o que é inadmisíbel dende o punto de vista da interpretación lóxico-xurídica.

¹⁹ O principio de igualdade, aínda que hoxe se interpreta como indisoluble do de mérito, conceptual e historicamente é distinto deste. A súa primeira proclamación fíxose nas declaracións de dereitos das Constitucións de Pensilvania e de Virxinia, das que pasou ao artigo 6 da declaración francesa dos dereitos do home e do cidadán, e dela á xeneralidade do constitucionalismo europeo (Ziller: 1988, 34-36).

²⁰ Para Ziller o fundamento da introdución do concurso de méritos como forma xeral de selección de funcionarios atópase na procura da eficacia da administración e na superación das pragas de nepotismo, incompetencia e ineficacia características do sistema de padroado (que este autor identifica co «sistema de despozos»). Este fundamento explicaría por que, segundo Ziller, o sistema de mérito pode darse tanto en réximes democráticos como autocráticos (Ziller: 1988, 66). En xeral os autores tenden a ver no padroado «un tributo ao Estado de Partidos», un sistema cuxo fundamento non é outro que a produción de colaboradores fieis que aceptarán o que un funcionario independente rexeitaría: a fidelidade á persoa ou ao partido suplanta a fidelidade á institución (Jiménez Asensio, 1988, 157 e ss; García Pelayo: 1986, 121; Informe Prada: 1994, 338; Mény-Della Porta: 1995, 24). Obsérvase como este tipo de argumentación aboa a actitude tecnocrática consistente en considerar aos políticos (independentemente de que sexan ou non lexítimamente representativos) como «faciosos» e potencialmente corruptos, sendo necesario compensar estas desviacións «naturais» mediante a creación dunha meritocracia que encarnaría o verdadeiro servizo ao Estado e aos intereses xerais.

²¹ Na exposición que segue tomaremos como referencia a construción histórica do sistema de mérito, principalmente nos Estados Unidos. Non só porque é a mellor estudada e accesible, senón porque o seu estudo foi elaborado dende e para a validación de teorías do cambio institucional. En especial os estudos de Johnson e Libecap e de Murray, nos que principalmente nos baseamos por partir desta inquietude teórica, transcenden o mero relato dos feitos para construír teorías positivas dos arranxos institucionais sucesivos representados polos sistemas de padroado e de mérito.

²² «Ata a primeira parte do século XX a maioría dos empregados federais eran nomeados en réxime de padroado. Mediante o contrato de padroado os empregados estaban obrigados ao activismo político en favor dos seus mentores, o que sucedía mediante o seu compromiso nas campañas electorais e outras actividades partidistas así como mediante a entrega ao partido local dunha parte da súa retribución. Os empregados non tiñan dereito ao cargo e eran rutinariamente cesados cando os seus benefiteiros políticos eran electoralmente derrotados. O padroado era unha institución política popular que xeraba votos para os políticos federais. Tamén democratizou o servizo do goberno ao substituír os *gentlemen* do modelo británico (competentes pero preguizosos, sen compromiso coas demandas populares e en moitos casos corruptos) polos *commonmen* (menos letrados, pero activos, comprometidos, receptivos, responsables ante os seus patróns políticos e polo xeral honestos ata o desbordamento do sistema tras a guerra civil), que constituían a base da democracia americana. Tras cada elección, miles de individuos solicitaban os empregos federais vacantes. O presidente agrupaba os empregos por lotes e distribuía-os para a súa asignación polos membros do Congreso, poder que manexaba para obter o apoio do Congreso ás políticas presidenciais. O presidente, os membros do Congreso e as maquinarias políticas locais distribuían os empregos como premios aos servizos prestados ao partido triunfador. Baixo o padroado quedaba garantida a lealdade e a responsabilidade dos empregados públicos fronte aos políticos, titulares únicos da lexitimidade democrática» (Johnson e Libecap: 1994, 4). Para unha apreciación coidada do padroado como institución política pode verse Ingraham, 1995; Mosher: 1968; Murray: 1995; Van Riper, 1958; Klingner e Nalbadian: 1986; Berkley, 1984; Huddleston e Boyer: 1996).

²³ En xeral os historiadores do servizo civil norteamericano distinguen entre o padroado como forma institucional do emprego público e o sistema de despozos, que se corresponde coa degradación do primeiro, especialmente tras a Guerra Civil. O número de empregos federais mantivo un crecemento limitado durante o tempo de instauración e consolidación do padroado (4 837 empregados en 1816; 18 038 en 1841; 36 672 en 1861; e 51 020 en 1871); pero creceu a un ritmo intenso a partir da Guerra Civil (100 020 en 1881; 157 442 en 1891; 239 476 en 1901; e 395 905 en 1911), época na que comeza a substitución do padroado pola nova institucionalidade representada polo sistema de mérito (Johnson e Libecap: 1994, 17).

A partir da Guerra Civil a economía norteamericana, ata entón de base predominantemente rural e fragmentada, deveu crecentemente urbana, industrial e integrada por efecto dunha importante diminución dos custos do transporte e de información que permitiron unha mellor vinculación dos mercados de capital, produtos e traballo. A renda per capita creceu velozmente. A innovación tecnolóxica e a vitoria da unión abriron extraordinariamente os mercados: é o tempo das grandes fortunas e empresas, do crecemento desorbitado, da creación de grupos de interese interestatais, da solicitude de mellora dos servizos federais tradicionais (facenda, postal, aduanas, infraestruturas) e da creación doutros novos, especialmente en forma de intervencións regulatorias (autoridade monetaria, antimonopolio, de comercio interestatal, de sanidade animal, etc.).

²⁴ A medida que se transformaba a economía cambiaba a natureza dos partidos. Estes cedían no seu rol tradicional de distribuidores locais de beneficios federais para converterse crecentemente en reivindicadores de políticas e servizos nacionais. A tensión entre os dirixentes políticos nacionais e locais dos partidos incrementouse. A tensión polarizouse en torno ao mantemento ou substitución do padroado. Apoiado polas maquinarias locais, foi rexeitado cada vez máis polos membros do Congreso e os presidentes e candidatos á Presidencia. Para estes perdía o seu atractivo como fonte de votos: a medida que se ampliaba o número de empregados públicos e se facían máis complexas as tarefas administrativas, crecía a dificultade do control político dos nomeados, os cales desenvolvían con gran liberdade as súas propias axendas, cada vez menos coincidentes cos intereses electorais dos lexisladores e candidatos presidenciais; o corolario era corrupción e desprestixio. A isto debía engadirse que o custo das campañas electorais íase incrementando tanto que o padroado xa non era unha fonte suficiente de financiamento. Deste xeito, a demanda social crecente de mellor e máis previsible prestación de servizos coincidía co desexo dos presidentes e dos membros do Congreso por fortalecer a organización nacional e debilitar a maquinaria local dos Partidos. En Estados Unidos a creación do sistema de mérito federal foi vista como un medio clave para romper o apoderamento que das institucións políticas tiñan os bosses políticos. Tal como sinalou no seu tempo (1887) George Curtis, un dos líderes da Liga para a Reforma do Servizo Civil, «o obxectivo da reforma do servizo civil non é só conseguir un sistema de exames para os nomeamentos administrativos senón a restauración dos partidos políticos á súa verdadeira función, que é o mantemento e fortalecemento das políticas nacionais» (citado en Skowronek: 1982, 54).

²⁵ O proceso de designación era moi personalizado e meticuloso, dada a necesidade de articular os intereses e criterios da organización política local cos dos lexisladores e do presidente. Estes tiñan moitas veces que proceder a indagacións, entrevistas e diversos criterios de avaliación dos seus méritos profesionais e políticos (cousa que nalgún momento chegou a incluír a realización de exames). A administración do padroado facíase unha carga moi pesada. James Garfield clamaba que «unha terceira parte polo menos do tempo dun lexislador debía consumirse atendendo ás demandas dos aspirantes». Ao final, lexisladores e presidente actuaban como meros *brokers* en procesos que quedaban fóra do seu control. A James Garfield o sistema resultoulle especialmente custoso. O 2 de xullo de 1881, pouco logo do seu nomeamento como presidente, foi asasinado por un aspirante frustrado a un dos empregos de padroado (Johnson e Libecap: 1994, 18).

- ²⁶ A correlación entre o tamaño da organización e os problemas de control dos empregados foi posto de relevo por diversos estudosos da burocracia como Gordon Tullock (1965: 142-195), que razoou por que a autoridade se deteriora nos medios burocráticos cando aumenta o tamaño da axencia. No mesmo sentido expresouse Anthony Downs (1967: 143), ao sinalar que canto máis ampla é a organización burocrática máis débil debe ser o control xerárquico, polo que máis potencial existirá de distorsión deliberada por parte dos empregados.
- ²⁷ A consideración da función pública como unha institución procuradora da seguridade xurídica non é hoxe usual. Iso débese, en primeiro lugar, a unha visión excesivamente xudicialista da seguridade xurídica, esquecendo frecuentemente que a revisión xudicial só pode ser efectiva na medida en que os actores político-administrativos, empresariais e sociais adapten os seus comportamentos á legalidade vixente. Iso depende tanto da cultura cívica vixente como do sistema institucional ou de incentivos. Neste sentido, a institución do sistema de mérito é un marco de constricións e incentivos para que os funcionarios públicos estean, por unha banda, protexidos fronte á presión dos políticos e dos grupos de interese e, por outra, interesados corporativamente no cumprimento da legalidade. Pero a falta de correlación usual entre función pública e seguridade xurídica débese, en segundo lugar, á extensión do réxime estatutario funcional máis aló dos seus fundamentos constitucionais razoables. A universalización do réxime funcional á case totalidade do emprego público, a maioría do cal está afecto a funcións privatizables ou contratables, é dicir, a funcións públicas continxentes, está determinando a consideración da función pública dende os valores xerenciais da eficacia e a eficiencia hoxe preponderantes. Esta preponderancia está desestruturando a orde institucional do que Yehezkel Dror vén reiteradamente chamando «as funcións de orde superior» do Estado (Dror: 1995, 222).
- ²⁸ O sistema de mérito como institución non se basea exclusiva nin fundamentalmente na esixencia de mérito no acceso. É máis, a experiencia internacional, e non só a española, está chea de exemplos de acceso irregular a unha situación estatutaria organizada polo principio de mérito. Cada vez que se produciu unha gran expansión do número dos empregos públicos (como na España dos 60 ou dos 80 ou como nos Estados Unidos do *New Deal* de Roosevelt) os sistemas regulares de selección quedaron desbordados e procedeuse ao nomeamento masivo de funcionarios (polo demais sen gran escándalo por parte de ningún actor relevante) en base principalmente a criterios de confianza (xa sexa política xa sexa dos funcionarios preexistentes que merecen a confianza dos políticos; quizais esta sexa a razón pola que os funcionarios de acceso regular non critiquen frontalmente o sistema). Ao cabo dun tempo procederase case indefectiblemente a regularizar ou funcionalizar esta masa de novos empregados, práctica esta coñecida tradicionalmente en Estados Unidos como de «bracketamento» (*blanketing in*). O que o sistema institucional de mérito protexe non é tanto a competencia da persoa que accede (a pesar da importancia que este punto obviamente ten) como a posición de imparcialidade e suxeición ao dereito do funcionario no exercicio das súas funcións (Horn: 1995, 104). De aí o discutible fundamento da xurisprudencia constitucional española que considero que as esixencias do mérito e da capacidade danse fundamentalmente no acceso e só de xeito máis debilitado, conforme á configuración do lexislador, na carreira e a promoción administrativas (STCs 192/1991, 200/1991, 293/1993 e 365/1993), xurisprudencia esta que mereceu xustamente a crítica dos autores (Martínez López-Muñoz: 1988, 983 e ss.; Jiménez Asensio: 1996, 58 e ss.). Tan é así que podería invertirse o razoamento xurisprudencial e afirmar con rotundidade que un sistema de mérito limitado ao acceso, pero que non garante a *posteriori* a imparcialidade do funcionario nin conseguintemente a obxectividade da acción administrativa non é un sistema capaz de satisfacer a funcionalidade social ou fundamento institucional do sistema de mérito e non pode ser cualificado propiamente como tal.
- ²⁹ América Latina é a rexión do mundo que viviu máis intensamente o movemento de reforma administrativa dende mediados dos 50 ata practicamente a crise da débeda (Cayden: 1991, 187). En ningún outro lugar do mundo se crearon máis Facultades e Escolas de Administración Pública que entre o Río Grande e Tierra de Fuego. Nunha etapa de desenvolvemento baseado na «substitución de importacións», co Estado produtor como protagonista central, e coa economía dominada por grandes grupos de interese públicos e privados, normalmente en posicións monopólicas e sen capacidade de competir internacionalmente, cun número escaso de pequenas e medianas empresas formais, carentes de liberdade económica e de voz política, con sectores inmensos da poboación na informalidade e a exclusión, é obvio que faltaban as condicións para que puidese xurdir unha demanda de cambio institucional cara ao sistema de mérito. Este en realidade non pasou nunca de ser unha pura formulación académica. Sen verdadeira economía de mercado, o padroado era o sistema que permitía o control socio-político tanto en ditadura como en democracia (Wyarda: 1992, 315 e ss.). As cousas cambiaron radicalmente co esgotamento do modelo de desenvolvemento que representou a «substitución de importacións»: ao deixar de corresponder o protagonismo fundamental do desenvolvemento ao Estado e pasar este a un sector privado que debe competir abertamente, redescóbrese en América Latina a sociedade civil e a economía de mercado e pasa a primeiro plano o tema da eficiencia asignativa e con el, entre outros, a necesidade de ir construíndo progresivamente o sistema de mérito, tarefa esta que se enfronta con moi notables dificultades (Banco Mundial: 1993).
- ³⁰ É a coñecida posición de Parada (1986:320 e ss.), para quen ao non referirse a Constitución á posibilidade de que os empregados das Administracións Públicas estean suxeitos ao dereito Laboral, «non parece lícito que o lexislador ordinario poida establecer esa dualidade de réximes», que cualifica graficamente de «esquizofrenia organizativa» (polo demais curiosamente rexistrable en Administracións Públicas tan «desgarradas» como a británica e a alemá). Segundo este autor a admisión de persoal laboral ao servizo da Administración atenta contra o principio de igualdade (principalmente pola diversidade de dereitos sindicais duns e doutros), é contraria ao principio de xerarquía proclamado no artigo 103.1 da Constitución —«que se asegura a través da ordenación en graos dos funcionarios»— e, en fin, non garante na mesma medida o principio de eficacia —«garantido en maior medida cun réxime de dereito administrativo creado e interpretado... en función de asegurar a prioridade e superioridade dos intereses e necesidades do servizo»— (posición similar pode atoparse en Cámara do Portillo: 1988; tanto esta posición como a do mestre Parada foron severamente criticadas por López Gómez: 1995). A tese da opción xeral do constituínte polo réxime funcional procede do *obiter dicta* da coñecida STC 99/1987, de 11 de xuño.
- ³¹ Ante a pretensión de universalizar o réxime funcional á totalidade do emprego público, diversos autores defenderon a neutralidade «relativa» da Constitución nesta materia (Baena: 1986, 251 e ss.; Prats: 1987: 126 e ss.; Sala Franco: 1988, 16; López Gómez: 1995, 127 e ss.). A relatividade refírese a que tales autores non prexulgan se a Constitución contén ou non un criterio material de delimitación do réxime funcional respecto do laboral. O seu obxectivo é razoar que a Constitución admite ambos. Nada ten que ver con devanditas posicións a remisión contida no artigo 15.1 da Lei 30/1984 de Medidas de Reforma da Función Pública —xustamente declarado inconstitucional—, o cal, aínda que partía da existencia de postos funcionariais e laborais «por natureza» remitía a determinación dos correspondentes criterios substantivos de diferenciación ao Ministerio da Presidencia, xerando con iso un risco de arbitrariedade executiva

xuridicamente inadmisíbel. O certo é que tras a Sentenza 99/1987, de 11 de xullo, seguimos sen saber se é o lexislador quen debe fixar os criterios de división ou se os devanditos criterios deben deducirse directamente da garantía constitucional da institución da función pública, que é a tese que agora defendemos e que tratamos de fundamentar e desenvolver.

³² En particular esta opinión descoñece a enorme diversidade de tarefas asignadas ás Administracións Públicas, que se compadece mal coa uniformidade do seu réxime xurídico (e non só nos aspectos referentes ao persoal). Aínda que segue sendo obrigado concibir a pluralidade das Administracións Públicas dentro da unidade político-constitucional do Estado, isto non obsta a recoñecer que, dentro de cada Administración Pública, existe unha crecente e inevitable diversificación de tarefas, tecnoloxía e contornas. Este dato obriga a situar a «racionalidade» dos réximes xurídicos e das técnicas de xestión de xeito continxente, é dicir, adaptada á especificidade limitada de cada caso (Parelló: 1991; Prats: 1993), e choca frontalmente coa pretendida racionalidade da aplicación do so réxime funcional ao conxunto das tarefas administrativas.

³³ Os nosos sindicatos de funcionarios e empregados públicos sempre viviron na contradición representada por reivindicar nos Congresos a nivel retórico xeneral o réxime laboral e por loitar a nivel real e concreto a través da acción das súas seccións sindicais pola ampliación do réxime funcional, se é posible acompañada polo goce —aínda que for a nivel informal— dos mesmos dereitos sindicais correspondentes á relación laboral de emprego. Sobre este particular pode verse o documentadísimo traballo de Joan Mauri incluído neste mesmo número.

³⁴ A actitude a que nos referimos chega ao seu extremo lóxico nos «cruzados da funcionalización», que, tras sinalar —contra toda a evidencia da Administración e do Dereito comparado das democracias de mercado máis avanzadas e con funcionarios e empregados polo menos tan imparciais como os nosos— que «as vinculacións contractuais non son técnicas xurídicas adecuadas á constitución do groso do persoal das Administracións públicas, en tanto que non garantan a imparcialidade do funcionamento da Administración» (Martínez de Pisón: 1995, 539). Para este novo autor todos os funcionarios, polo feito de selo formalmente e independentemente de que realicen ou non funcións de autoridade, teñen «dereito ao cargo», o que implica, segundo el, unha inamobilidade xeográfica e funcional tal que dubiosamente podería adaptarse a ela ningunha organización administrativa moderna. De ter éxito e ver reflectidas as súas teses en textos legais o noso novo autor será elevado ao santoral do sindicalismo funcional: todos ou case todos funcionarios —é a súa tese—, e todos ou case todos cun dereito cargo —deducido nada menos que da orde constitucional do mérito— que nin os sindicatos máis audaces se atreveron a soñar. Quizais vexamos un día ao Sr. Nicolás Redondo impoñendo a orde do mérito sindical ao noso autor.

³⁵ É coñecida a distinción que se establece no Reino Unido entre «servidores cívís» e «empregados públicos». Os primeiros, tras as reformas da Sra. Thatcher, apenas chegan a 500 000 e teñen ao seu cargo o groso das funcións de autoridade do Estado. Os segundos, que superan amplamente os 3 000 000, están principalmente afectados a funcións de produción e prestación de servizos públicos. En Alemaña a distinción tradicional dáse entre funcionarios, empregados e traballadores, sendo estas dúas últimas categorías as máis numerosas con diferenza, e quedando sometidas ambas a un réxime contractual. foi o art. 33.4 da Lei Fundamental de Bonn o que estableceu unha reserva para o réxime funcional do exercicio das funcións de soberanía do Estado, expresión esta que deu lugar a non poucos debates doutrinais. Obsérvese que este criterio das funcións de soberanía é moi próximo, senón coincidente, co utilizado polas institucións comunitarias para delimitar o círculo do emprego público exento da libre circulación de traballadores, ao cal nos referimos máis adiante.

³⁶ Entre os administrativistas italianos son ben coñecidas as posicións de Giannini (1979) e de Cassese (1993 e 1994), así como tamén o é a importante reforma operada primeiro pola Lei de 29 de marzo de 1983, que tivo como finalidade esencial a racionalización da negociación colectiva no sector público mediante a incorporación e imitación do modelo do sector privado e, despois, polo Decreto Lexislativo de 3 de febreiro de 1993, que dá cumprimento á delegación contida no artigo 2 da Lei de 23 de outubro de 1992, o cal supuxo un radical cambio de enfoque ao camiñar non cara á separación senón cara á integración dos réximes funcional e laboral, aínda que situando o centro de gravidade neste último (Martínez Bargeño: 1995; Godino: 1996, 65).

³⁷ A limitación da reserva de funcións de soberanía ao ámbito da administración de intervención foi o criterio da maioría dos autores.

O réxime da función pública procede en realidade da necesidade de que a actuación administrativa se someta á Lei, e esta necesidade é ineludible no ámbito da administración de intervención. Esta, en realidade, tamén cobre aqueles aspectos da administración prestacional en que as Administracións exercen poder sobre os cidadáns ditando actos ou preceptos que inciden no seu dereito ás prestacións. Este ámbito da administración prestacional, e non o da produción material das prestacións, está incluído tamén no concepto constitucional de funcións de soberanía (Montoro: 1986, 29 e ss).

³⁸ O artigo 48.4 do Tratado de Roma exceptúa os «empregos nas Administracións Públicas» do dereito dos traballadores comunitarios á libre circulación polo territorio da Comunidade. Como se sabe, o Tribunal de Xustiza produciu unha xurisprudencia moi estrita circunscribindo a excepción a só aqueles empregos públicos que «comportan unha participación directa ou indirecta no exercicio do poder público e nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou doutras colectividades públicas», sendo indiferente a estes efectos a cualificación que dos empregos realice o Dereito nacional. Aínda que non sería lexítimo deducir da xurisprudencia europea ningún criterio material de delimitación do réxime estatutario (cuestión esta obviamente pertencente aos Dereitos nacionais), tampouco sería de recibo o ignorala no noso tema, xa que, polo menos, proporciona unha pista para a detección do «núcleo estratéxico» do Estado. En tal sentido, a Comisión, na súa Comunicación 88/C72/02 sobre a aplicación do art. 48.4, considera que entre os empregos que poden reservarse aos nacionais atópanse os das Forzas Armadas, policía, maxistratura, administración tributaria e diplomacia, ademais de todos aqueles que comprendan a elaboración dos actos xurídicos e a súa execución, o control da súa aplicación e a tutela dos organismos dependentes, e iso en calquera nivel de Administración territorial ou funcional, xa se trate de funcionarios ou doutros axentes. En cambio, a Comisión entende que debe potenciarse a liberdade de circulación nos servizos públicos de carácter comercial (transportes, gas e electricidade, correos e telecomunicacións, radiotelevisión), nos servizos sanitarios, nos de ensino e nos de investigación civil (Sánchez Morón: 1996, 117).

³⁹ «É interesante especular sobre por que o debate acerca de «reinventar ou desinventar o goberno» e as medidas propostas a tal fin se relacionan case exclusivamente coas súas funcións de servizo, execución e xestión... Iso é inquietante... A atracción polos mercados pode agravar a tendencia a concentrarse nas funcións gobernamentais que poderían transferirse aos mercados e facer caso omiso, por máis importantes que sexan, das funcións que claramente só poden ser desempeñadas polos gobernos. Unha sensación xeral de incompetencia no desempeño das funcións de orde superior pode levar tamén aos dirixentes políticos a restar importancia a esas funcións e transferir

a responsabilidade dos problemas que non saben como resolver aos mercados e a outros procesos impulsados pola «man invisible»... Non se pode permitir que este descoído persista. Dende o punto de vista do futuro da sociedade e o mundo, esas tarefas do goberno son precisamente as máis importantes. Por conseguinte un dos principais obxectivos das grandes reformas administrativas e de xestión pública debería ser un goberno máis compacto, que concentrase os seus esforzos no desempeño adecuado das funcións básicas de orde superior e deixase que outras estruturas emprendesen e administrasen a maioría das tarefas de servizo, execución e xestión. Entre as funcións básicas de orde superior dos gobernos que é necesario fortalecer significativamente, as máis importantes son a formulación e selección de políticas e a supervisión da súa execución... Para lograr estes obxectivos é necesario transcender as nocións convencionais de «eficiencia» e «eficacia» e concentrarse no que podería chamarse a capacidade de influír no futuro na dirección desexada...» (Dror: 1995, 8-9).

⁴⁰ Unha exposición divulgativa e de calidade da teoría económica dos «fallos da intervención pública», construída dende a escola da «elección pública», pode atoparse en Mitchell e Simmons: 1994, especialmente na parte II, capítulo IV, e nos estudos de caso incluídos na parte III.

⁴¹ Neste sentido poden verse as serias obxeccións críticas de Johnson e Libecap ao enfoque «reinvencción do Goberno» popularizado por Gaebler e Osborne e, particularmente á falta de fundamento da súa proposta de substitución do actual servizo civil baseado en regras por unha nova institucionalidade do mesmo baseada no control de resultados (Johnson e Libecap: 1994, 186).

⁴² «Unha estratexia fundamental na reforma dos aparellos de Estado consiste en dotar o núcleo estratéxico e as actividades exclusivas con persoal altamente competente, ben pagado e permanentemente capacitado, seleccionado e promocionado en base ao mérito, comprometido nunha ética e deontoloxía de servizo aos intereses xerais, garantido fronte ás presións políticas e dos grupos de interese e responsable polo mantemento de altos estándares de legalidade, imparcialidade, competencia e dedicación profesional» (Bresser: 1996, 81).

⁴³ Outra interesante achega de Horn consiste en elucidar os factores que explican a eficiencia das dúas formas fundamentais de organización administrativa (organismos, axencias ou *bureaux*, por unha banda, e empresas, por outra). A explicación faise elaborando a partir dunha interesante literatura organizativa que aplica a análise de custos de transacción (cos seus problemas inherentes de custos de decisión e de participación, durabilidade das decisións e custos de axencia) á comprensión das regularidades observables no Dereito e a Administración comparadas segundo as cales determinadas actividades administrativas tenden a tomar a forma de *bureaux* e outras determinadas a de «empresa» (Horn: 1995, capítulo 7). O tema é relevante aos efectos de fundar dende a análise económica e politolóxica a correlación observable entre formas organizativas e réxime do emprego público.

BIBLIOGRAFÍA

- ARGYRIS, C. y D. A. Schon. 1978. *Organizational Learning: A Theory of Action Perspective*. Reading M. A., Addison-Wesley.
- BAENA DEL ALCÁZAR, M. 1986. «La Organización y la Función Pública», en *Comentarios a las Leyes Políticas. Constitución Española de 1978*, tomo VIII. Madrid.
- 1988. «Reflexiones sobre la relación entre políticos y altos funcionarios», en *Gobierno y Administración en la Constitución*. Madrid.
- BANCO MUNDIAL. 1993. *The East Asian Miracle. Economic Growth and Public Policy*. Nueva York: Oxford University Press. En especial, capítulo 4: «An Institutional Basis for Shared Growth» (pág. 157 y ss.). Existe una versión resumida en español: BANCO MUNDIAL. 1993. *El Milagro de Asia Oriental. El Crecimiento Económico y las Políticas Oficiales*. Washington D.C.
- 1993. *Civil Service Reform in Latin America*. Washington D.C.
- BARON, D. T. 1995. «The Economics and Politics of Regulation: perspectives, agenda and approaches», en J. S. Banks y E.A. Hanushek (eds.). 1995. *Modern Political Economy*. Cambridge: Cambridge University Press, 10-62.
- BARRO, R. 1995. «Democracy and Growth» en *Growth and Political Institutions*. Barcelona: Centre de Recerca en Economía Internacional, Universitat Pompeu Fabra.
- BENNIS, W. 1993. *An Invented Life: Reflections on Leadership and Change*. Reading MA, Addison-Wesley.
- BERKLEY, G. E. 1984. *The Craft of Public Administration* (cuarta edición). Boston: University of Massachusetts.
